




## Tertulias literarias

# A

### BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA XANEIRO – MARZO 2021


# A

#### 1) Americanah, de Chimamanda Ngozi Adichie 27 xaneiro a 10 febreiro




Lagos (Nixeria) mediados dos noventa. Ifemelu e Obinze, dous namorados atípicos, saben que tarde ou cedo terán que deixar o país. Ifemelu consegue o visado para vivir nos Estados Unidos coa súa tía e estudar, mentres Obinze loita coa burocracia para reunirse con ela, quen se atopa nun lugar onde pouco é como imaxinaba.

#### 2) Vinieron como golondrinas, de William Maxwell 10 a 24 de febreiro




Para o pequeno de oito anos Bunny a súa nai é unha presenza anxelical, para o seu irmán maior, a nai é alguén a que protexer, especialmente desde que a gripe se cebou na súa vila do Medio Oeste dos Estados Unidos. Para o pai, James, a súa dona é o centro dunha vida que se derrubaría sen ela.

#### 3) Amor de tango, de María Xosé Queizán 24 febreiro a 10 marzo




Memoria das mulleres e das traballadoras que espertaron á vida naquela urbe pioneira, atlántica e liberal que era o Vigo de preguerra. É a novela das obreiras das fábricas de sardiñas, dos trasatlánticos, das fábricas de salazón, do Cable Inglés, das grandes navieiras, da emigración, do Berbés. Fervoso canto a Vigo e ás mulleres que a poboaron.

#### 4) La habitación de invitados, de Helen Garner 10 a 24 marzo



Helen, unha escritora e muller independente de idade madura prepara o cuarto de invitados para a súa amiga Nicola, quen vai someterse a un tratamento de medicina alternativa. Helen, convertida en enfermeira, anxo da guarda e xuíza, non pode agochar a contrariedade pola extravagante cura na que confía a cegas a súa amiga.

#### 5) La lotería, de Shirley Jackson 24 marzo a 7 abril



Estreamos na Tertulia o xénero de banda deseñada con este conto que segue a escandalizar décadas despois da súa publicación en 1948 no semanario The New Yorker. A adaptación gráfica de Miles Hyman, neto da escritora, amosa o microcosmos dunha pequena vila onde cada ano se celebra o evento, só que nesta ocasión algo acontecerá para que ninguén queira gañar a tradicional lotería.